

Aquilino, nas revistas literarias dos anos trinta

Modesto Hermida García

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

HERMIDA GARCÍA, MODESTO (2011 [1986]). “Aquilino, nas revistas literarias dos anos trinta”. *Dorna*: 10, 101-103. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/91>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

HERMIDA GARCÍA, MODESTO (1986). “Aquilino, nas revistas literarias dos anos trinta”. *Dorna*: 10, 101-103.

* Edición dispoñíbel desde o 23 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

AQUILINO, NAS REVISTAS LITERARIAS DOS ANOS TRINTA

Modesto Hermida García

Aquilino Iglesia Alvariño, poeta de calidade indiscutible en lingua galega aínda que non fose alleo a actitudes escépticas en relación coa nosa problemática lingüística, é a personalidade literaria que honramos nestas Letras Galegas 1986. Non é mala ocasión, xa que logo, para desagocharmos un pouco da súa actividade como poeta nas revistas literarias en Galicia naqueles primeiros anos trinta en liberdade, cando ese lírico do norte lugés contaba pouco máis de vinte anos e o escepticismo aínda non lle faría ningunha seria visita.

Cando comezaban a súa singradura revistas como *Cristal*, *Galiza*, *Resol*, *Universitarios*, *Yunque* ou os cartóns de poesía *Papel de Color*, Aquilino Iglesia Alvariño aínda non publicara en libro máis ca aquela colección de sonetos que leva por título *Señardá*. De calquera maneira, Aquilino xa estaba ben enceregado na expresión poética, xa andaba a voltas con moitos dos poemas que encherían as páxinas de *Corazón ao vento* e daba sinais do seu quefacer literario publicando na maioría das revistas citadas máis arriba.

Como os cartóns de poesía *Papel de color* carecen de datas, faremos primeiro de nada unha información das contribucións de Iglesia Alvariño a esta simpática publicación da que, co propio Iglesia Alvariño, foi motor fundamental Álvaro Cunqueiro. O número dous de *Papel de color*, titulado NOTICIAS DO PORTO, está composto por poemas de Aquilino, un deles "Noite", que teremos que mencionar noutra revista pero con data exacta, e o ourto, se a memoria non nos falla, "Lúa". O sobre "Impresos sentimentais 1. NENIA", por Aquilino Iglesia Alvariño ademais das elexías a Antón Vilar Ponte, Manuel Antonio e Luís Amado Carballo, contén un epigrama. Este sobre foi o único da colección *Papel de color* que se editou en Vilagarcía, non en Mondoñedo, e leva unha referencia na folla interior ó grupo galeguista da vila pontevedresa. Outro contributo do noso poeta a estes cartóns de poesía foi un poema que escollemos para reproducir nestes folios e que, con outros de Rimbaud, Álvaro Cunqueiro e R. Bacon, conforma o preg "Frol de diversos 1".

2

Meira, canzón noviña,
auga de poema que mana e canta.
-Ven!

Ven por carreiriños de vento,
meniña!
Farémos-che zapatiños de rósas.

Ven por veredas de menceres,
meniña!
Haberá flores de zuchamél.

Ven pola banda dos pomares.
Ven polo trigo das leiras,
menina!
-Ven!

Canzón noviña.
Auga de poema.
Rósa do vento.
Esmóla do sol.

Aquilino Iglesia Alvariño

O mes de santiago de 1932 publica en *Yunque* o poema "Na escuridade", un dos últimos poemas cos que había de compoñer *Corazón ao vento* e que está datado en Santiago no mesmo ano da publicación aínda que na escolma publicada por GALAXIA se date no 1931.

No mesmo ano 1932 e tamén no mesmo mes de Santiago, *Galiza* publica "Dúas estampas (Gaita e Noite)". Neste ano, no número dedicado ás San Lucas, aínda sairán nesta revista mindoniense "Poemas (1)" e "Pandeireta". Os versos que compoñen os poemas citados habían de formar parte do libro *Corazón ao vento* pero con diversa distribución, con títulos distintos e tamén con algunha pequena variante: "Gaita" correspóndese co apartado 1 do poema "Tres estampas", "Noite" levará no libro o título "Definición", "Pandeireta" corresponde ó apartado 2 do citado poema "Tres estampas" e "Poemas (1)", que é o que ten algunha variante con relación á versión publicada en *Corazón ao vento*, no libro leva por título "De mañán".

No número nove de *Cristal*, correspondente ós meses de marzo-abril de 1933, publícase o poema "Noite", poema que tamén formou parte de *Papel de color 2* e que non ten nada que ver co outro poemíña citado do mesmo título nin foi recollido, que nós saibamos, en libro ningún.

NOTICIAS DE PORTO

NOITE

Mar de sombras con oncas horizontáes de vénto,
floridas de remuíños i-arrecifes de nubens.

Afogaron nos rompentes do silencio
dous aturuxos que andaban nas costas do Solpór.

Enguellados nas oncas do vénto
cuspiu o mar fora o run-run do muiño da mao,
i-o cadabre do cantar da muiñeira namorada.

As foguerias valeiras da Nóna Señora da Pastoriza
saíron a pesca de trébas,
e naufragaron no cabo da Unha.

–Vagalumes de Congostras,
non desatraquedes vosos esquifes verdes.
Anúncian se pra hoxe marexadas de sombra.

A primeira hora saíu o destroyer do Luceiro
en busca da dorniña do Luar
que se perdeu nos arrecifes do Ouéste.

–Mozos de Montecelo,
ancrade o voso aturuxo nas Fías,
que hai anunciadas galernas de Siléncio.

Aquilino Iglesia Alvariño

Tampouco *Resol* perdeu a ocasión de honrarse coa presenza de Aquilino nas súas páxinas. No número nove (febreiro de 1935), xa publicado *Corazón ao vento*, reproduce “Pandeireta”, o poema que fora publicado en *Galiza* o ano 1932, e no número dez, aquel preparado por Ánxel Fole e dedicado ós poetas lugueses, reproducense os poemas de *Corazón ao vento* “A noiva branca da lúa” e “Mes de xaneiro”.

Como se pode observar, aqueles primeiros anos trinta, anos arredor da publicación do seu segundo e, posiblemente, máis interesante libro, foron de fructífera actividade poética en galego para Aquilino Iglesia Alvariño, para o poeta que merecidamente honramos nestas Letras Galegas.